

BASES CAMPAMENTO

EXPLORA A BAIXA LIMIA-XURÉS 2023

1. Introducción

Un ano máis o Concello de Muiños realizará o campamento de verán **EXPLORA A BAIXA LIMIA-XURÉS**; é un proxecto lúdico-educativo que inclúe unha variada programación e o desenvolvemento de actividades relacionadas coa natureza, deportes náuticos, sendeirismo, xogos populares e de outra índole, así como calquera outra actividade que contribúa a ese obxectivo.

Datas:

- Do 25 ó 30 de Xullo, para os nados nos anos 2008,2009,2010,2011
- Do 25 ó 30 Agosto para nados nos anos 2012,2013,2014

2. Lugar de realización

Instalacións do Complexo Turístico-Deportivo “O Corgo “- Concello de Muiños (Ourense), o carón do Río Límia.

3. Actividades

Dentro da programación do campamento, os/as participante terán a oportunidade de realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- Actividades náuticas (piragüismo)
- Actividades deportivas (sendeirismo, natación, etc)
- Actividades nocturnas
- Baile, actividades culturais
- Actividades de expresión corporal
- Primeiros auxilios

4. Destinatarios

Rapaces e rapazas nados nos anos 2008, 2009,2010, 2011,2012, 2013,2014

5. Solicitude de prazas

Para a solicitude de prazas requírese entrega da ficha de inscrición coa correspondente documentación requerida, no Concello de Muíños, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo para este trámite será dende **o 7 de Xuño ó 30 de Xuño**.

Pode atoparse toda a documentación na páxina web www.concellomuinos.com

6. Adxudicación de prazas

As prazas asignaranse por riguroso orde de entrada no Concello ata completar aforo.

Os resultados serán comunicados por email a todos/as solicitantes das prazas, tamén publicado na web www.concellomuinos.com

7. Inscricións

Ata que non se faga efectivo o pago e non se entregue toda a documentación non se formalizará a inscrición

Documentación a presentar

- Fotocopia do DNI do menor, se o/a menor non dispuxera, deberá achegar fotocopia do libro de familia
- Fotocopia da tarxera sanitaria ou seguro médico privado do menor (acompañado polo talonario de recetas)
- Certificado médico
- Xustificante de pago na conta: **ABANCA ES55 2080 0442 1531 1000 0043** (nome e DNI do participante)
- Ficha de inscrición, a cal inclúe cuestionario de saúde, cuestionario de natación, ficha de protección de datos e aceptación de condicións de información sobre a COVID-19

8. Tarifa

120 €

Inclúe:

Con pernocta

- Pensión Completa (almuerzo, comida, cea e pernocta)
- Director/a de campamento e monitores titulados ás 24 horas
- Socorristas titulados no caso de que a actividade o requira
- Monitores de piragüismo ,titulados
- Seguro de R.C e de accidentes
- Material necesario para a realización de todas ás actividades
- Clases de piragüismo

9. Lugar de recollida dos impresos

Os impresos estarán dispoñibles para a súa descarga na web www.concellomuinos.com e nas oficinas do Concello de Muíños.

10.Lugar de presentación

As solicitudes e a documentación requerida debe presentarse no Concello de Muíños ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou enviala a xianadeportes@hotmail.com.

11.Prazo de presentación

A reserva das prazas realizaranse entre **o mércores 7 Xuño e o venres 30 de Xuño, ámbolos 2 incluídos**, a non presentación da documentación nestas datas, conlevará a perda do dereito a praza.

12.Devolución da cota

Se unha vez obtida a praza e pagado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución do importe, no caso de que comunique a súa renuncia por escrito e solicite o ingreso da cantidade abonada polo menos 20 días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a organización anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

Para estes efectos, as persoas interesadas disporán dun modelo normalizados de solicitude de devolución de cota de participación na documentación que lles será remitida ao seu enderezo electrónico.

13.Información

Nas oficinas do Concello de Muiños, no teléfono 988 456403 (Xiana), na web www.concellomuinos.es ou no correo electrónico xianadeportes@hotmail.com